
Lonicera periclymenum L., 1753

- bigorda, herba salgueira, cabrifollo, cabrafolla, chuchamel, zugo
- madreselva, manitas de Dios, manitas de la Virgen
- eztigarrena, txuparra
- xuclamel, mare-selva
- honeysuckle
- madressilva



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Dipsacales**	**Caprifoliaceae**	***Lonicera***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de porte trepador, leñoso e caducifolio. Pode acadar os 5-7 m gabeando sobre soportes. Talo flexible e longo, con tendencia a formar espirais ao redor dos soportes sobre os que medra. Follas opostas, ovaladas, verdes e algo peludas. Flores grandes, tubulares, de cores brancas, amarelentas ou rosadas, moi perfumadas e agrupadas en verticilos nos extremos dos brotes. Floración en primavera-verán. Froitos en forma de baga globosa, vermellos e brillantes ó maduraren.

HÁBITAT

Bosques caducifolios, sebes, matogueiras húmidas e zonas sombrías con solo fértil. Preferencia por lugares frescos, solos húmidos pero ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e central, incluídas a Península Ibérica e as Illas Británicas.

CURIOSIDADES

Os froitos son tóxicos para os humanos, pero comestibles para as aves, as cales se encargan da dispersión das sementes. Pode ser empregada en medicina como expectorante.